



/ O que fixemos... /

Teatro Tanxedoira nas Hogueras de San Juan.

Din que o meu é puro teatro... e é certo, pouco se equivocan!

Aínda que eu non o fago, non podoo evitalo: o teatro corre polas miñas veas.

O meu nome é Susana e son a filla de dous grandes artistas.

Os que puidestes asistir ao encontro do 17 de maio no Centro Social Sagrada Familia xa comprobastes que o salón de actos estaba completamente CHEO.

Ás 19h o grupo de teatro Tanxedoira abría o telón e encandilábanos a todos e a todas cos seus "Recuerdos de zarzuelas". En concreto, vimos tres fragmentos de tres obras que para min xa eran coñecidas, mais aínda así non me canso de ver:

- *La Dolorosa*
- *La tabernera del puerto*
- *Agua, azucarillos y aguardiente*



O público asistente encheo a sala.

Desde o patio de butacas desfrutamos ao máximo: risas e algunha que outra bágoa. E é que as zarzuelas, para min son o recordo da infancia. Alén disto, o poder ver os meus pais xuntos, sobre o escenario, compartindo miradas, complicidade e

bailes, foi unha moi grata sorpresa, que aínda me emocionoo agora que o lembro.

Por suposto, gustárame AGRADECER e FELICITAR a todo o Grupo de Teatro Tanxedoira, non só polo seu grande labor e posta en escena, se non tamén polo traballo que hai detrás, algo que, moitas veces, non é visíbel: horas para preparar o escenario, vestuario, música, memorización dos guións, ensaios e... máis ensaios!

Vese de lonxe a dedicación deste grupo de persoas e as horas de empeño para que todo saia ben. Conozo moi ben, e de preto, a todo o elenco: GRANDES artistas e MELLORES persoas. Vamos, que me declaroo fan incondicional de todas e todos eles.

Vémonos na próxima. Unha aperta e, con perdón... moita merda! 🙄

Susana García.

Cardo de prata 2019.

Queremos dar a noraboa ao director do grupo de teatro: Jesús García Fernández, que vén de gañar o Cardo de Plata outorgado pola asociación Hogueras de San Juan, recoñecemento obtido coa inestimable colaboración de Chus.



Jesús tras recibir o premio de mans da Meiga Maior Infantil.

Un premio máis que merecido pola colaboración que cada ano mantén con esta agrupación ao pór sobre a escena numerosas obras de teatro divertidas e espectaculares. E sempre traballando

desde o amor, o altruísmo e a afección por esta arte.

Tanxedoira tamén quere aproveitar esta efeméride para enxalzar o labor que desinteresadamente leva a facer durante tanto tempo e os resultados tan bos que foi colleitando ao longo dos anos, sempre levando o nome de Tanxedoira e a súa filosofía como bandeira!

Noraboa, Jesús! 📌

Tanxedoira.

Comida de Grupos Artísticos.

Día 2/6/19. Hora 14. Todas e todos fomos chegando e incorporándonos ao comedor Hotel Eurostars (o antigo NH Atlántico, que igual soa máis) para, ao igual que outros anos, celebrar o xantar dos Grupos Artísticos xunto a familiares, amigos e simpatizantes, todos integrantes da nosa querida e entrañábel Asociación Tanxedoira.



Comer comemos, pero falar non foi menos.

Talvez asistimos menos dos que desexariamos ter ido, mais as circunstancias moitas veces condiciónannos.

Non obstante, e coma sempre, o espírito de confraternidade e de compartir momentos agradábeis que nos caracterizan presidiron o xantar. Ao se tratar dun buffet, cada persoa, dentro do que había dispoñíbel, puido elixir o que mellor se acomodaba aos seus gustos. Ben, mais os callos podían picar un bocado máis, aínda que sobre gustos...

Sobremesa de charla, aínda que quizais botamos algo en falta algo que sempre nos acompaña aló onde imos: un pouco de música. Mais, en fin... outra vez será!

Así que, até a próxima reunión en que volvamos ter a ocasión para estar xuntos e xuntas e poder desfrutar da compañía e a integración na nosa benquerida familia de tanxedoiros e tanxedoiras.

Grazas! 📌

Manuel Riestra.

VI Certame de Fotografía Fernando Pombo Souto.



Fotografía gañadora.

Autor: Carlos García.
Título: Ensaio.

Parabén ao concursante gañador da última edición do noso certame fotográfico, e esperamos a participación de máis artistas na próxima convocatoria! 📌

Tanxedoira.

Cea do grupo de teatro.

O pasado mércores día 19 de xuño reunímonos unha parte do grupo de teatro para celebrar o fin de curso, xa que algunhas persoas, por diversas cuestións, non puideron asistir, mais que saiban que a botamos en falla.

Xuntámonos no bar duns antigos socios de Tanxedoira, O lar de María, para tomar un picoteo, como é costume na nosa Asociación.

Pasámolo moi ben, rimos, cantamos e, alén diso, celebramos o cumpreanos dunha parella de integrantes do grupo: Carmen Cabrero e José Luis

Cabrera. Ambos os dous naceron o mesmo día!
Menuda coincidencia!

Animámosvos a participar desta proposta pola ecoloxía👇



Ás actrices e aos actores tamén lles gustan as enchentes.

Despois da cea, ficamos emprazados e emprazadas para o próximo curso, que comezará en setembro. Faremolo con moita ilusión para preparar a nosa próxima obra, que esperamos que sexa do gusto do público, sempre soberano.

Felices vacacións para toda a familia Tanxedoira.

Bicos👇

Jesús García.

O noso gran de area coa natureza.

Tanxedoira ven a colaborar co programa de educación ambiental #Móllate #SanXoán2019 que traballa arreo para salvar os nosos océanos.



É digno de ser enmarcado.

Sardiñada.

O venres 28 de xuño, despois da Asemblea Ordinaria de todos os anos, tivo lugar a tamén anual sardiñada. Fixémola, igual que en moitas outras ocasións, aproveitando o bo tempo, enfronte do local, onde ademais tivemos a oportunidade de estreir a nosa nova barbacoa... A mí me tocó montarlá, aunque en la última parte del proceso tuve colaboradores, así que en pouco menos dunha hora estivo montada.

E mentres algunhas persoas asistían a asemblea, outras foron comozando a facer as brasas para procurar que a comida esrivese feita axiña!

Ao mesmo que o ano pasado, fixemos sardiñas, algo de carne e chourizos crioulos, para todo o mundo puidese comer de todo un pouco. O que nos sobrou, coma sempre, foi o pan, que nunca acertamos coas cantidades (hehehe).

A mágoa foi, igual que o ano pasado, que nos dividimos entre o local e o parque, debido a persoas que tiñan algo de frío. As do parque como estaban próximas ás brasas...




As grellas non daban feito.

Mais ben, en calquera caso, estivemos a desfrutar da compañía mútua e do espírito de Tanxedoira até ben preto das once da noite.

Todo saíu estupendamente, así que agardamos que o ano que vén se anime máis xente, que xa se sabe: cantos máis, máis e mellor!

Non quería rematar sen lle dar as grazas aos cociñeiros: Jorge Blanco e Manolo Rama, que estiveron ao pé do canón facendo as brasas e a

comida para que os demais só tiveramos que desfrutar! 

Leticia Riestra.

Excursión de Fin de Curso 2018/2019.

Itinerario: Pontevedra, Tui e Panxón. Visita ao monte Aloia, mirador da Gran Cruz e ermida de san Xiao. Comida en Panxó e tarde de praia na Madorra. Saída ás 8:30 do domingo 30 de xuño desde a cafetaría Din Don.

Esta era a proposta e así foi a realidade.

8:35 Arrinca o autobús. Animación na zona sur e murmurios adormilados na norte. Domingo de verán coruñés: nubrado e coas rúas todavía sen poner. Seguen o murmurios, cada vez máis espaciados até chegar ao silencio na zona sur.

9:15 Pasamos Compostela. A néboa é tan densa que tragou as torres da catedral.

9:43 Cruzamos Caldas de Reis. As nubes vanse aclarando e a promesa do sol anima os e as excursionistas. Intercámbianse comentarios.

10:00 Pontevedra. Cheira a café quente e a bolos. Saíu o sol. Paseamos pola alameda. Vemos de esguello a igrexa da peregrina. Asmiramos os rexios edificios e tomamos un café. Voltamos ao autobús. Ai, Pontevedra! Cando terei tempo para perderme nas túas rúas e desfrutar do teu encanto?

12:00 Chegamos ao Centro de Interpretación do Parque Natural do Monte Aloia. Ubícase nunha curiosa casa que, nas súas orixes, foi a casa forestal. E está moi ben dotado de información e cun persoal encantador, que nos fixo pasar un momento divertido explicándonos o máis interesante sobre o parque. E tamén facéndonos participar en xogos da natureza pensados para as crianzas, mais curiosos para calquera persoa.

12:40 Percorrido polo parque, doado incluso para min. Un resumo apretado: foi o primeiro parque natural declarado na Galiza no ano 1978, mais xa tiña distinguido como “lugar natural de interese nacional” por orde ministerial de 5 de xullo de 1935. Trátase dunha atalaia da serra do Galiñeiro, de 600 metros de altitude sobre a desembocadura do río miño no Atlántico.

Ocupa 746 hectáreas e posúe unhas maravillosas paisaxes e unhas preciosas vistas panorámicas, que, aínda que subimos até a Gran Cruz para desfrutalas, a nosa compañeira de viaxe, a néboa, negounos a súa visión.

Súrcano varios regatos que levan as súas augas ao Miño e resulta magnífico o aproveitamento hidráulico con sete muíños de auga visitábeis. Posúe un recinto amurallado da época galaico-romana e unha pequena ermida dedicada a san Xiao.

Con cunha das máis famosas rutas de sendeirismo do Baixo Miño. Tamén ofrece a posibilidade de realizar cinco rutas audioguiadas.

Dos seus valores ambientais, destacan as carballeiras da ermida e Rego de Pedra. Hai sobreiras e acivros. A comezos de século XX fixéronse repoboacións con especies foráneas como o eucalipto, acacias, cedros, cipreses e abetos, o que, nalgunhas zonas, outórgalle un aspecto exótico. Da fauna sobresaen as especies típicas dos ambientes forestais ben desenvolvidos, coma o raposo, o coello, o ourizo, a perdiz, o pito real, o gaio, a aguia ratoneira, o azor e a curuxa. Ten unha flora moi variada con máis de vinte especies que só se poden ver aquí.

14:20 Panxón. Hai fame e gañas de praia. Baixamos do autobús e as persoas que máis gostan da praia lánzanse á area co bocado. As persoas de comida servida dirixímonos ao restaurante (a sete minutos). Ana e David, bos rapaces, poñen o Tomtom do móbil e en marcha. Todo ben, pero creo que o aparatío non tiña demasiada fame e creu que era mellor coñecer o lugar primeiro. E alá que fomos seguindo a tecnoloxía e dando unha volta pola parroquia. Mais chegamos. Algúns (eu) con axuda, por aquilo do bastón. E todos moi fementos e cansos.

15:10 “La cuesta de Claudia”. O restaurante amplo e ben posto. A comida estupenda, ben servida, abundante, cordialísima e divertida entre os comensais. Non faltou nada. Sobremesa longa e animadísima.

18:30 Baixamos até a Praia e comprendemos o engano do Tomtom. Había un atallo que nos levaba con rapidez e costa abaixo. O sol segue oculto baixo a néboa, mais está moi agradábel o paseo marítimo. Preciosas edificacións, con pinta de caras, agradábeis cafetarías, preciosa praia, onde os máis novos e animados divertíronse a topo. Os demais tomamos un refresco e un pouco de brisa marina.

18:50 Deixamos a praia para visitar un arco visigótico, que é un monumento nacional desde 1964 e que está dedicado a san Pantaleón. Estos

restos dun arco visigótico de finais do s. VII formaban parte dunha construción máis moderna: a antiga igrexa de san Xoán de Panxón. Unha vez construída a nova igrexa de Palacios, conservouse só a construción visigótica orixinal.

O Templo Votivo do Mar elévase no alto dun outeiro. É obra do arquitecto modernista Antonio Palacios, nado no Porriño e autor de obras tan relevantes como o Pazo de Comunicacións na praza de Cibeles ou o Círculo de Belas Artes, ambas as dúas en Madrid. O tema arquitectónico baséase na historia da arquitectura galega: etapa megalítica, castros, prerrománica, románica, mosteiros e Barroco.

19:15 Volvemos ao autobús e despedímonos de Panxón. Fronte á ría facemos unha parada técnica.

19:39 Iniciamos a ruta de volta a casa, despois dun magnífico día de convivencia e disfrute. E pensar que eu tiña pensado non ir por causa do meu maltrato nocello do que todavía andaba convalecente! Grazas aos compañeiros e compañeiras por terme animado e acompañarme coas vosas atencións durante toda a xornada 🙏

Rosario Barros.

Actuacións de Tanxedoira.

A chegada das estacións máis luminosas animan, en maior medida, a abrir os corazóns das xentes, e até as propias organizacións reciben de bo grao aquelas posibilidades de ofrecer aos seus colectivos actividades encamiñadas ao entretemento e goce.

Pola súa banda, Tanxedoira sempre está disposta a colaborar coas organizacións que llo solicitan, e, de maneira especial, con aquelas que están abertas a persoas con diferentes realidades ou diversidades.



Algunhas das actuacións.

Ambas as dúas circunstancias fixeron posíbel o dar respostas a diferentes solicitudes que demandaban a participación dalgúns dos diversos grupos que ten a asociación. Así, o 24 de maio o grupo de Cantos Populares actuou en Cáritas da Sagrada Familia, sentíndose ben acollido (como é costume) nas súas visitas ás súas instalacións. Tamén o día 31 do mesmo mes, o grupo de Cantos Populares desprazouse até o Centro Cívico da Cidade Vella, alegrando a tarde ás persoas alí presentes, as cales agradeceron a actuación. Continuando coas súas colaboración, o día 8 de xuño, Tanxedoira desprazou até o centro de maiores DomusVI de Oleiros ao seu grupo de Cantos Populares, centro que, o día 9 de xuño, tamén puido gozar da presenza do Grupo de Teatro, que representou a obra *Agua, azucarillos y aguardiente*. En ambas as dúas actuacións os asistentes mostraron o seu agradecemento con afectuosos aplausos. Finalmente, o coro participou na celebración das comuñóns que se realizaron os días 23 de xuño e 7 e 25 de xullo na parroquia Resurrección do Señor 🙏

Tanxedoira.

Xuntanza de comezo de curso.

O día 6/10/2019 tivemos unha xuntanza na nosa asociación Tanxedoira. E digo na nosa porque me fixeron sentir unha máis desde o primeiro minuto. Por iso, antes de contarvos todo o que fixemos neste día, quero darlle as grazas a todos e cada un dos compoñentes da asociación.

Ben a comida foi denominada como "de traje" (pronto entenderedes o significado do nome). Pois estaba programada para as 14:00. Comezou a chegar a xente e cada un dicía: "traje tortilla", "traje empanada", "traje ensalada de pasta"... e, de aí o de comida "de traje". Cada un trouxo unha cousa. Como poderedes imaxinar en menos de media hora

aquelas catro mesas estaban a rebentar: tortillas, ensalada de pasta, ensaladilla, nuggets, pastel (non recordo de que), patés patacas, olivas, rixóns ect. E para non ser menos outra mesa chea de sobremesas: arroz con leite, biscoitos varios, tarta de queixo normal, con arandanos, tarta de obleas e nocilla, froita e máis cousas.

Festa do Samaín.

Calquera excusa é boa para pasar un bo rato cos amigos e a familia. En Tanxedoira, non precisamos excusas para reunirmos, comer, cantar e pasar un momento agradábel.

Celebrar o magosto, pois, non é unha excusa: é unha razón de peso.



Parte dos comensais. Outros estaban fóra.



Tamén houbo colaboración antes de asar as castañas.

Despois dunha pedazo comida con xente maravilhosa, a nosa presi Leti, que por certo e xenial, pediulle a David que tocara a guitarra e ambos os dous comezaron a amenizarnos con cancións de Raphael, A Carolina, Sarandoga ect. E comezamos a bailar... Olga, Py, Susana e outras compis maravillosas animáronse tamén. E porque Manolo (que creo que así se chamaba) acababa de irse, que se non ninguén o libraba de bailar unha repichoca connigo. Un home moi agradábel. De súpeto, da nada saíu o son dunha gaita tocada por un señor moi simpático, que non tiven o pracer de coñocer persoalmente.

Chegamos ao local e o cheiro das castañas asadas xa quencía a atmósfera. Comezan a forxarse moitas conversas tan interesantes que xa non de sabe a cal delas xuntarse.

Ben e despois de bailar un pouco funme coa miña amiga Luci porque tiñamos outro compromiso.

Se as risas e a manduca non abundasen, de súpeto organizábase o karaoke: mozos e non tan mozos soltan a melena e dano todo... pero todo, to-do... Organizábase unha timba de tute nunha mesa, aínda que é difícil cantar as corenta con tanto barullo.

A verdade é que marchamos cun bo sabor de boca polo ben que o pasamos. E agardamos que xa pronto fagan outra e anímovos a todas as persoas da asociación que non viñestes desta volta a que vos animedes para a próxima. Asegúrovos que se pasa moi ben e a xente é espectacular.

Unha tarde en boa compañía é un verdadeiro tesouro. E o bo libro di que onde queira que estea o teu tesouro tamén estará o teu corazón. Grazas, Tanxe, xa que vos estades a colar neste pequeno corazón👉

Simplemente grazas a todos e a todas, moi especialmente a Leti e a Py, que é maravilhosa. Bicos👉

Isolina Rodríguez.

Acto de convivencia.

O pasado día 1 de Novembro, festividade de Todos os Santos, os membros dos grupos artísticos de Coro e Rondalla tiveron que realizar os seus ensaios, como todos os venres, a pesar de ser un día festivo.

Isa Rodríguez.



Maquillaxe do benxamin da rondalla.

Mais non desaproveitaron a oportunidade de poder realizar un novo acto de convivencia, para o que, unha vez finalizado o “traballo”, reuníronse co fin de facer un pequeno picoteo a base dunha gran variedade de especialidades de pizza. Foi un momento moi agradábel, en que tamén se gozou dalgunhas maquillaxes e disfraces acordes á festividade👇

Tanxedoira.

COMUNICADO DA DIRECTIVA.

Caros socios e socias!

A rondalla Tanxedoira foi convidada por unha asociación de Castro Urdiales (Santander) para participar nun festival nacional de rondallas. Desde a Xunta Directiva estamos a organizar xa os preparativos para facer ese desprazamento. Mais tamén consideramos que sería unha boa ocasión (despois das suxerencias de moitos de vós) para aproveitar e facer unha excursión fin de curso máis especial e cunha duración máis prolongada.

Así, podémosvos adiantar que se abrirá o prazo de inscrición para a devandita excursión, que visitará máis lugares, e que se celebrará a primeira fin de semana de xullo de 2020.

En canto vaíamos tendo máis información, iremos proporcionándovola. E cando teñamos prezos cerrados teredes a posibilidade de ir pagando pequenas cotas do custo total da excursión.

Ademais, xa sabedes que podeades requerirnos máis información polas canles habituais ou no noso local social.

Un saúdo👇

Aqueles maravillosos anos!



15/12/1990 Festival de Nadal.

/ A destacar.../

Axenda

👇 14 de novembro.

CONCURSO DE POSTAIS NAVIDEÑAS.- Aberto prazo para a presentación de traballos. Ver bases na páxina web de Tanxedoira.

👇 22 de novembro.

CANTOS POPULARES.- Residencia El Remanso (Los Rosales) Crta. Fuertes Monte San Pedro 12. Hora: 18:00.

👇 30 de novembro.

CANTOS POPULARES.- Residencia Domus Vi (Matogrande) Rúa Federico García 2. 18:00 horas.

👇 5 de decembro.

CANTOS POPULARES.- Residencia Domus Vi (Oleiros) Avda. Rosalía de Castro 10. Hora 17:30.

👇 6, 7 e 8 de decembro.

CAMPIONATOS DE MESA.- Ping-Pong, Parchís, Tute e Xadrez, que se celebrarán no local a partir

das 16:00 horas os días indicados. Listaxes de inscrición no taboleiro.

📅 12 de decembro.

GRUPO DE TEATRO.- Residencia Orpea. Rúa de Laxe 120. Zapateira. Culleredo. Hora: 18:00.

📅 14 de decembro.

CORO TANXEDOIRA- Actuación do Coro da asociación en Baio. Acto organizado pola Coral Xan Mella. 21:00 horas.

📅 21 de decembre.

FESTIVAL DE NADAL. Actuará alumnado de diferentes actividades, ademais dos grupos artísticos da asociación: teatro, coro e rondalla. Centro Cívico Novo Mesoiro. Rúa Os Ancares 15. Hora: 17:00. Entrada de balde.

📅 3 de xaneiro.

CHOCOLATADA.- Ás 18:00 horas gozarás do tradicional chocolate no local social. Participación de balde. Na asociación haberá listaxe para inscribirse.



Puntos de venda:

-No local de Tanxedoira, os venres de 20:00 a 22:00 horas, horario de atención da directiva.

-Na administración de lotaría de Carrefour (Avda. Alfonso Molina) no seu horario de apertura.

Recorda e goza os eventos!

Aproveita e goza das diferentes actividades que organiza Tanxedoira, (actuacións, campionatos, chocolatada, excursión, etc.), nas que che podes inscribir a través das listas dispoñibles no local social, chats ou por mail na dirección actanxedoira@tanxedoira.org

/ Non perdas.../

Concurso de Postais Navideñas.

Xa comezou o prazo para enviar os traballos ao Certame de Postal de Nadal que organiza anualmente Tanxedoira. As bases están dispoñibles na páxina web da asociación. Animádevos a participar.

Lotaría de Nadal.

Tenta a sorte co mesmo número de Lotería Nacional que xogamos outros anos, e que é a fecha de nacemento da Asociación (26/01/1978).

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

